

XXI TORNEO DE XADREZ LAROCA

20º Aniversario da fundación do Club: 1995-2015

Categoría Sub-2200



ORGANIZA: Club de Xadrez Laroca

www.clubdexadrezlaroca.comlu.com

DATAS: 26 e 27 de Decembro de 2015.

SISTEMA: Suízo a 5 roldas.

RITMO DE XOGO: 60' + 30'' por xogada, **valedoiro para ELO FIDE.**

LOCAL DE XOGO: CEIP Mallón – Av/ Manuel Lemos 81 – Nigrán.

HORARIOS: Confirmación de inscricións: Sábado 26 de Decembro ás **10:00 h.** O xogador que non estea a esa hora na sala de xogo non será emparellado na primeira rolda.

1ª Rolda: Sábado 26 de Decembro ás 10:15 h.

2ª Rolda: Sábado 26 de Decembro ás 15:00 h.

3ª Rolda: Sábado 26 de Decembro ás 17:45 h.

4ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 10:30 h.

5ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 16:00 h.

Entrega de premios: 19:30 h.

PREMIOS: Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a.

Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a.

Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a.

Trofeo ó mellor xogador/a Sub-16 sen Elo Fide.

Non son acumulables, no caso de ter dereito a varios, repartiranse pola orde na que están reflexados nestas bases e o xogador deberá estar presente na entrega.

INSCRIPCIÓNS: Couta de inscrición xeral: **8€.** Inclúen os costes das taxas FIDE.

Couta de inscrición especial ós xogadores do Club de Xadrez Laroca: **5€.**

Couta de inscrición especial ós xogadores Sub-16 do Club de Xadrez Laroca: **2€.**

Límite de inscrición ata o Xoves 24 de Decembro ás 16:00 h., ou ata chegar ós **30 xogadores,** admitidos por rigurosa orde de inscrición.

Inscricións na web www.clubdexadrezlaroca.comlu.com ou no **Tlf. 696.672.456.**

SISTEMAS DE DESEMPATE: 1º: Bucholz (-1), 2º: Sonneborg-Berger, 3º: Progresivo, 4º: Sorteio.

B A S E S

- O torneo está **reservado para xogadores cun ELO menor de 2200**, e deberán estar federados na tempada 2015. Os xogadores con bandeira distinta á española sen Código FIDE serán admitidos só cando obteñan dito código na súa Federación.
- O torneo realizarase mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introducción dos resultados.
- O tempo de espera será de **45'** en cada rolda, transcorrido ese tempo, se un xogador non se presenta ante o tableiro, perderá a partida.
- Haberá **1 BYE de ½ punto** a disposición dos xogadores, que poderá utilizarse só nas **tres primeiras roldas.** Concederase só por causa xustificada e sempre que se teña aboada a inscrición. A organización poderá conceder outros BYES de 0 puntos.
- Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais e imaxes relacionadas co torneo, nos medios de comunicación que a organización considere oportunos para a adecuada difusión do torneo.
- Para o non contemplado nestas bases, atenderanse ás Leis do Xadrez da FIDE do 1º de Xulio de 2014.
- A participación neste torneo supón a aceptación destas bases, sen esquecer que a finalidade do mesmo é proporcionar un ambiente de cordialidade entre xente cunha afición común. BO NADAL.

XXI TORNEO DE XADREZ LAROCA

Categorías Promesas e Iniciación



ORGANIZA: Club de Xadrez Laroca

www.clubdexadrezlaroca.comlu.com

DATA: 27 de Decembro de 2015.

SISTEMA: Suizo a 5 roldas.

RITMO DE XOGO: 15'' finish.

LOCAL DE XOGO: CEIP Mallón – Av/ Manuel Lemos 81 – Nigrán.

HORARIOS: Confirmación de inscricións: Domingo 27 de Decembro ás **16:00 h.** O xogador que non estea a esa hora na sala de xogo non será emparellado na primeira rolda.

1ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 16:15 h.

2ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 17:00 h.

3ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 17:30 h.

4ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 18:00 h.

5ª Rolda: Domingo 27 de Decembro ás 18:30 h.

Entrega de premios: 19:30 h.

PREMIOS: Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a da Categoría Promesas.
Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a da Categoría Promesas.
Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a da Categoría Promesas.
Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a Sub-12.
Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a Sub-10.

Trofeo para o/a Primeiro/a clasificado/a da Categoría Iniciación.

Trofeo para o/a Segundo/a clasificado/a da Categoría Iniciación.

Trofeo para o/a Terceiro/a clasificado/a da Categoría Iniciación.

Medallas para o resto de participantes.

INSCRIPCIÓN: Gratuita.

Inscricións na web www.clubdexadrezlaroca.comlu.com ou no **Tlf. 696.672.456.**

SISTEMAS DE DESEMPATE: 1º: Bucholz (-1), 2º: Sonneborg-Berger, 3º: Progresivo, 4º: Sorteio.

BASES

- Os torneos están **reservados para os nenos federados no Club de Xadrez Laroca.** Nas categorías Iniciación e Promesas non poderán participar xogadores maiores de nove e dezaseis anos respectivamente.
- Os torneos realizaranse mediante o programa informático VEGA. Os seus emparellamentos non poderán ser discutidos salvo erro na introducción dos resultados.
- Poderanse prescindir dos reloxis nos últimos tableiros da categoría Iniciación.
- Non terá efecto o apéndice G do regulamento e permitiranse tres xogadas ilegáis sen incremento de tempo.
- Os participantes nos torneos autorizan a publicación dos seus datos persoais e imaxes relacionadas co torneo, nos medios de comunicación que a organización considere oportunos para a adecuada difusión do torneo.
- Para o non contemplado nestas bases, atenderanse as Leis do Xadrez da FIDE do 1º de Xulio de 2014.
- A participación nestes torneos supón a aceptación destas bases, sen esquecer que a finalidade dos mesmos é proporcionar un ambiente de cordialidade entre xente cunha afición común. BO NADAL.